

ESCOLA DA VIDA

## Medidas governamentais

23.05.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

A preocupación do presidente do Goberno no *Debate sobre o estado da nación* polo tema educativo púxose en evidencia coa posta en marcha de varias medidas concretas: a modernización das escolas, que desde agora dispoñerán de encerados dixitais e ordenadores portátiles para os escolares; a matriculación gratuita nos másters para os titulados en situación de desemprego con dereito a prestación, de entre 25 e 40 anos; o Plan Educa 3 para garantir a educación infantil a todos os nenos con idades de entre 0 e 3 anos, e a reforma da Formación Profesional en coherencia cos cambios do mercado produtivo.

Unhas son interesantes e outras importantes. Entre as importantes está a do Plan Educa, co que se incentivará a dotación de prazas para unha demanda social xa histórica como é a de que os pais poidan obter praza para a educación dos seus fillos menores de 3 anos cunha maior facilidade. Os primeiros anos da vida son vitais para a mellora posterior das aprendizaxes dos nenos. Xa o díxo, primeiro o romano Quintiliano "non perdamos os primeiros anos" e, moito despois, o psicólogo condutista Watson cando subliñou a plasticidade do neno nos seus primeiros anos ao advertir: "Dádeme dez nenos recién nados e eu farei con eles un médico, un avogado, un artista, un home de negocios e incluso un esmoleiro ou un ladrón".

Outra das propostas esenciais é a introdución de máis medios tecnolóxicos na escola. Aínda que aquí queda moito máis que facer que simplemente dotar os centros de recursos avanzados. E así o puxeron de manifesto os investigadores do Grupo Stellae da Universidade de Santiago de Compostela no seu libro *O valor do envoltorio. Un estudo da influencia das TIC nos centros educativos*. Nese traballo manifestan a necesidade de cuestionar os nosos modelos de ensino e aprendizaxe, posto que introducir as Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) de forma meramente instrumental e reprodutiva non vai ter unha incidencia real na posta ao día da escola. Isto quere dicir que, efectivamente, os profesores e os alumnos deben de dispoñer de encerados e ordenadores, pero tamén da formación que lles permita acceder a unhas novas formas de ensinar e aprender. E isto último é do que moitas veces se esquecen os políticos, o que se converte en darlles coches aos que non teñen carnés.

Por último, unha medida interesante, pero que é meramente conxuntural, é a de darlles diñeiro para as matrículas aos alumnos dos másters, pois sobre a reforma da actualmente ben encamiñada FP aínda non podemos dicir nada antes de coñecer cales son as propostas que se poñen enriba da mesa.